



En [www.escuelasaludable.org](http://www.escuelasaludable.org)

- ✓ Ilustracións da exposición (descargábeis)
- ✓ Recursos e documentos sobre educación e dixitalización, pegada ambiental e radiofrecuencias na aula
- ✓ Actualidade, eventos e referencias

## Exposición didáctica



# WAKE UP

## Pensar e decidir



## *Inspirar a reflexión, o debate e o empoderamento*

O obxectivo principal desta exposición é o desenvolvemento da visión crítica fronte ó fenómeno da tecnoloxía na vida familiar, social e escolar, calquera que sexa a conclusión á que chegue o alumnado.

La exposición conta con 15 ilustracións do artista galego **Kiko Da Silva**, e compón un álbum onde o autor reflicte mensaxes críticos sobre a relación entre a tecnoloxía, a infancia a adolescencia. As mensaxes escritas son curtas e directas, mentres que as mensaxes gráficas exprésanse a través de retranca, dobres sentidos ou ilustracións con elementos que poden ser familiares ou inspiradores para o alumnado.



Está dirixido, especialmente, a  
**4º curso da E.S.O. e ao Bacharelato.**

## PROPOSTAS DIDÁCTICAS



Cada alumno/a elixe unha determinada ilustración que lle chamou a atención por calquera motivo (pode coller a ilustración correspondente, ao pé do expositor). Por grupos, comparten:

... o porqué da elección.

... o que lles parece acertado, esaxerado, etc. Da ilustración e/ou a mensaxe. ... como sería unha mensaxe adecuada para, por exemplo, mellorar a vida do alumnado máis pequeno que eles/as.

... que relación ten esa ilustración/mensaxe coa súa realidade.



Valóranse as ilustracións e/ou as mensaxes de 1 a 5 (de “nada” a “moito”) có criterio “Mensaxe/ilustración realista (reflicte o que ocorre na sociedade)”. En pequenos grupos de 4-5 alumnos/as compártese a valoración, de menor a maior puntuación. Especialmente, coméntase o porque da menor e da maior puntuación.



Como sería unha décimo sexta (16º) ilustración coa súa correspondente mensaxe? Pódese expor só como proposta, ou ben materializala en formato plástico/artístico.